

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Alfonso Paz-Andrade do 14/09/1970

Colección:

Data: 14/09/1970

De:

Luís Seoane;

Para:

Alfonso Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Temáticas:

La marginación de Galicia; Maside grabador; Oda A Roosevelt, de R. Darío; Artes; Artes visuais; Autores/as; Biblia impresa por Gutenberg; Café Zahara (Madrid); Día de Galicia; Exposición de Luis Seoane. Madrid. 1970; Incunable; La Araucana; Literatura; Política;

Mencionados:

Luís Bagaña; Giambattista Bodoni; Isaac Díaz Pardo; Alonso de Ercilla; Valentín Fernández; Claude Garamond; Álvaro Gil Varela; Johannes Gutenberg; Joaquín Ibarra; Basilio Losada; Juan Naya Pérez; Pilar Rodríguez de Prada; Rubén Darío; Maruxa Seoane; Ramón Tamames; Ramón María Valle-Inclán; Lorenzo Varela;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Alfonso Paz-Andrade do 14/09/1970

Buenos Aires, 14 de setembro de 1970

Sr. D. Valentín Paz Andrade
Vigo

Meu querido Valentín:

Acabamos de recibir noticias de Isaac referidas a túa saúde. Supoñemos estarás xa en Vigo e terás superado o[u] estarás superando a doenza, eisí parece entender na lectura da carta que nos puxo Isaac e eisí o desexamos nós de todo corazón pois si

algunha persoa queremos de verdade en Galicia e a tó, a tí e Pilar se entende, sodes algunhas das poucas, en máis da fonda demiración que temos por tí, pola tua inqueda, polo traballo que levas feito en Galicia, pola tua lealtade nunha terra onde, en xeral ó meu xuízo, os exemplos de lealtade viven fora dela. Debíache carta dende que chegamos. Estiven traballando moito. Teño feito casi todos os cadros pra unha exposición que farei en outubro e fun deixando o escribir dun día pra outro. A Tamames remítille con tempo o proxecto de mural, xa o verías, un paralelepípedo xigantesco representando a conquista e a independencia de América en cada unha das caras importantes, nas máis pequenas unhas estrofas do poema de Ercilla e outras da “Oda a Roos[e]velt” de Rubén Darío. Sería un monumento sinxelo e de verdade, penso, hispanoamericano. Supoño que tí xa o conoces ou falaríanche del. Eiquí, aparte de pintar e recoller máis notas pra dous ou tres pequenos libros que penso facer, Maside, grabador e dibuxante, O pensamento político de Valle Inclán, e Bagaría, aparte deste como che digo, sairá cecais dentro de dez días Cuco-Rei, catro ou seis páxinas en papel de cor con pequenas notas en Galicia. Notas moi breves, polo pouco espazo, entre as cales vai unha sobor o teu derradeiro libro, La marginación de Galicia. Cuco-Rei distribúese gratis. Vaime costar cartos con gosto. Sairá soio de vez en cando. No primeiro número sae un estupendo e longo poema de Varela. Da coledividade non teño nada que decirche. Estou arredado dela. Os aitos do Día de Galicia salvounos Basilio Losada. Naya unha calamidade. Por outra parte é tonto traer a exposición á Biblioteca Nacional deiquí 50 libros do século XVII e XVIII que non siñifican nada dende o punto de vista bibliográfico. En Galicia, por desgracia, non naceron nin traballaron Bodoni, Garamond ou Ibarra. Mais Valentín Fernández non sabe nada de esto e Naya coidou que Buenos Aires era unha aldea. Sospeito que terase admirado de que na Biblioteca Nacional onde se expuxeron os libros que trouxo garda algunhas páxinas da primeira Biblia impresa por Gutenberg, aparte de ter unha das máis notábeles coleccións do continente en incunables e libros do século XVI e ó marxe das coleccións particulares. Son o tipo de parvadas que se lles ocorre a quenes descubren América ou sabendo que en Galicia tamén hai xoias bibliográficas, ou pensando que esta cidade, que é a cuarta do mundo occidental en movemento cultural, vai a sorprenderse do que ten Galicia nese orde.

Bueno, non quero darche máis a lata. Quixéramos Maruja i eu que esta carta te atope na casa, en Samil ou en Vigo. Lembrámonos sempre de vos, de Pilar e de tí, de Alfonso. Lembrámonos da adicatoria que puxeches ó libro, alumeados coa fría luz de neón nesas mesas espantosas de plástico da cafetería Zahara reformada, sen apenas xente e baixo a vixilancia amábel dun empregado do Gran Vía. Nós viñámonos a Buenos Aires dous días despois, non sabemos ben si con gusto ou tristeza, e lembrámonos da comida en casa de Álvaro Gil o mesmo día da partida.

Unha aperta a todos, a Pilar, á nai de Pilar, a Alfonso, de Maruja e miña. E outra forte pra tí co grande desexo de que te repoñas pronto:

[Seoane]

Nota: Enviareiche tan pronto como saia Cuco-Rei.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.